

A AELG entrega os seus premios na Gala das Letras que terá lugar no Ágora da Coruña

Redacción - | 03 de Maio de 2013



Lidia Jorge

O sábado ás 20 horas coñeceranse as persoas e obras gañadoras dos premios da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega nunha gala que terá lugar no Centro Ágora da Coruña. A narradora portuguesa Lidia Jorge será recoñecida como Escritora Galega Universal. A gala, aberta ao público, contará coas actuacións musicais de César Morán e Uxía.

Máis de catrocentos socios e socias da AELG votaron xa as candidatas das distintas categorías que se darán a coñecer na gala aberta ao público que terá lugar o sábado día 4 ás 20 horas no Centro Ágora da Coruña. Obras editadas no transcurso do ano 2012 nas modalidades de ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, blog

literario, literatura infanto-xuvenil e traxectoria xornalística recibirán os galardóns que desde hai catroce anos entrega a AELG

En narrativa, *A noite branca*, de Francisco X. Fernández Naval (Xerais) *As voces baixas*, de Manuel Rivas (Xerais) *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño (Galaxia), *Tonas de laranxa*, de María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón (Xerais) e *Verde oliva*, de Xavier Alcalá (Galaxia) optan á categoría de mellor obra de 2012. En canto poesía, a seleccionada estará entre *Boca da cobra*, de Francisco Salinas Portugal (Biblos), *emily on the road*, de Ramón Blanco (Acha Escrava Editora), *Fase de trema*, de Lorena Souto (Espiral Maior), *O silencio*, de Mario Regueira (Xerais), *Os ángulos da brasa*, de Manuel Álvarez Torneiro (Factoría K de libros) e *ruído de fondo*, de Daniel Salgado (Xerais). *Eu, pel*, de Teresa González Costa (Xerais), *O corazón de Xúpiter*, de Leticia Costas (Xerais), *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro (Galaxia) e *Palabras de auga*, de Marcos Calveiro (Xerais) son as obras seleccionadas no apartado de literatura infanto-xuvenil. Na categoría de ensaio son finalistas, *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez*, de Carlos Callón (Xerais), *O labirinto da saudade*, de Luís G. Soto (Laiovento) e *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, de Ramón Nicolás (Xerais). Dúas obras de Laiovento, *Novo teatro fantástico* de Manuel Lourenzo e *Banqueiros*, coordinada por Francisco Pillado optan a mellor texto teatral. Blogues literarios, traxectoria no xornalismo cultura e tradución levarán tamén premio na gala da AELG.

Catro premios con nomes

Á marxe do recoñecemento á narradora Lidia Jorge como Escritora Galega Universal, tres premios da AELG teñen xa nome. A asociación da literatura galega homenaxea a Manuela Cortizo e Ángel Rivas na súa condición de “Mestres e Mestras da Memoria” “por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa literatura popular tradicional”. En canto ao premio Institucións que se outorga a quen contribúise de maneira destacada a divulgar a lingua e a cultura galegas, desta volta, a AELG recoñece o papel do asociacionismo cultural representado por entidades nadas nos 60 e 70, a Agrupación Cultural O Galo, Agrupação Cultural O Facho, Clube Cultural Valle Inclán, Agrupación Cultural Auriense, Agrupación Cultural Francisco Lanza, Agrupación Cultural Avantar, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Agrupación Cultural Lumieira, Sociedade Cultural Medulio, e Associação Cultural Amig@s da Cultura de Pontevedra. Finalmente, os humoristas gráficos Siro López Lorenzo “Siro”, Xosé Lois González Vázquez “O Carrabouxo, Xosé Ángel Rodríguez López “Gogue”, Xosé Carreiro Montero “Pepe Carreiro” e Xaquín Bieito Marín Formoso “Xaquín Marín” recibirán a distinción Bos e Xenerosos.